



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE XANEIRO DO 2022

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna M^a Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. Dn. Miguel Ángel García Paz. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e tres minutos do día trinta e un de xaneiro do dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede da acta da sesión do día 27-12-2021.

Sometida a votación a “**Aprobación se procede da acta da sesión do día 27-12-2021**” o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 2.- Dar conta do PMP cuarto trimestre 2021.

Dáse conta do PMP informe cuarto trimestre de 2021 de data 20 de xaneiro de 2022, que a continuación se transcribe:

DETALLE DEL INFORME PMP

[1]. Ares

Ratio operaciones pagadas: 11,70

Importe pagos realizados: 1.372.635,83€

Ratio operaciones pendientes: 3100

Importe pagos pendientes: 309.541,65€





PMP: 15,25

PMP Global:

Importe pagos realizados: 1.372.635,83€

Importe pagos pendentes: 309.541,65€

O Concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 3.- Dar conta do informe morosidade carto trimestre 2021.

Dáse conta do informe de Morosidade carto trimestre de 2021 de data 20 de xaneiro de 2022, que a continuación se transcribe:

Pagos realizados durante o primeiro trimestre trimestre:

Dentro do período legal de pago: 1.301.860,81€€

Fóra do período legal de pago: 70.860,98€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre:

Dentro do período legal de pago: 297.069,06€

Fora do período legal de pago: 73.793,93€

O Concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 4.- Acordos a adoptar en relación programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2022.

Dáse conta da certificación do acordo de adhesión de data 10 de xaneiro de 2022 que a continuación se transcribe:

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE ADHESIÓN
Programa de financiamento dos Servizos Sociais
Comunitarios Municipais no ano 2022**

Don/Dona:	MANUEL LARROSA RODRIGUEZ
Secretario/a da entidade	CONCELLO DE ARES

CERTIFICA:

Que o Pleno Municipal ou o órgano correspondente desta entidade local adoptou o seguinte acordo:

1. **Aceptar as bases da convocatoria do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2022**, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen..

2. **Adherirse ao Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais.**

3. **no ano 2022** de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado xunto coa solicitude.





E para que así conste, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do/a representante legal da entidade.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando ao Sr. Secretario cales son os acordos que hai que adoptar.

Responde o Sr. Secretario sinalando que os acordos a adoptar serían aceptar as bases e adherirse ao programa de financiamento. É anual.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que dende o BNG, despois do último pleno non o temos moi claro, temos que mirar o do servizo municipal con externalización polo tanto, ímonos a abster.

Dado que non hai máis intervencións o Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación dos **"Acordos a adoptar en relación programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2022"**, o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP) e 2 abstencións (2 do BNG) acorda a súa aprobación nos seguintes termos:

1. Aceptar as bases da convocatoria do **Programa de financiamento dos Servizos sociais Comunitarios Municipais no ano 2022**, así como os compromisos e obrigas que nesa se inclúen.
2. Adhesión ao **Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2022** de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado xunto coa solicitude.

Punto núm. 5.- Aprobación da ordenanza de uso social da lingua galega do Concello de Ares.

Dáse conta da "Ordenanza de uso social da lingua galega do Concello de Ares" do seguinte teor literal:

Ordenanza de uso social da lingua galega do Concello de Ares

Limiar

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5.1" dispón que a lingua propia de Galicia é o galego. O punto 3 confírelles aos poderes públicos a obriga de





potenciar o seu uso en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa. A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece que a lingua galega é a maior e máis orixinal creación colectiva do pobo galego, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Como consecuencia deste principio, determina o carácter do galego como lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración Local e das entidades públicas dependentes da Comunidade.

No seu artigo 6, a Lei de normalización lingüística establece o dereito da cidadanía ao uso do galego oralmente e por escrito e o dereito ás persoas a seren atendidas en galego. A atención en lingua galega será efectiva en calquera instancia dentro do ámbito territorial da oficialidade e tamén posuirá plena validez e eficacia calquera actuación no idioma propio. Nesta liña, o artigo 25 establece que o Goberno Galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso da lingua galega nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. Con esta finalidade e por actos singulares, poderanse outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.

A Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, no seu artigo 1 dispón: As convocatorias de sesións, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega. Esta Lei establece igualmente, na súa disposición transitoria, que as entidades locais que non estean en condicións de incorporar de contado o galego como lingua normal nos actos escritos da Administración disporán dun prazo de dous anos a partir da publicación desta lei para adoptar acordo sobre a realización material do disposto nel e darlle cumprimento. De xeito máis completo aínda se pronuncia a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, ao considerar, no seu artigo 7 que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos. escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega.





A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia tamén regula o coñecemento da lingua que o persoal da administración ten que posuír ao indicar, no artigo 245.6, que nos sistemas de selección que se realicen para o acceso ás prazas da Administración local terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega. No mesmo sentido, a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no artigo 36.2 dispón que nos procedementos tramitados polas administracións das comunidades autónomas e das entidades locais, o uso da lingua axustarase ao previsto na lexislación autonómica correspondente.

O Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), aprobado por unanimidade no Parlamento galego en 2004, recolle como obxectivos específicos para a Administración local “consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados e administradas”, “incluír a promoción do galego, no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrecen á cidadanía, tanto directamente como a través de empresas subcontratadas”, así como “poñer os medios para que toda persoa traballadora ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua á cidadanía que o desexe e que teña tamén práctica habitual da Oferta positiva”.

As corporacións locais poden e deben implementar accións encamiñadas a implicar o conxunto da sociedade no proceso de normalización lingüística e a recuperar o uso e prestixio social do idioma. A lingua galega precisa do recoñecemento oficial establecido nas leis para poder recobrar o seu prestixio. As corporacións locais, por sermos as administracións máis próximas á cidadanía, somos moi apropiadas para desenvolvermos accións encamiñadas á implicación cidadá, á dinamización e á recuperación social do idioma propio e oficial de Galicia.

Cómpre, xa que lago, elaborar e aprobar unhas liñas de actuación constante co fin de incorporar o galego en todos os ámbitos da vida municipal e impulsar a normalización no seu uso no conxunto da sociedade. Por considerarmos que as razóns expostas ahondan para cambiar as actitudes lingüísticas, propomos a aprobación en Pleno





desta Ordenanza de normalización lingüística para que o Concello traballe polo seu cumprimento e tome as medidas oportunas para facelo efectivo, desde comunicacións de incumprimento, informacións de obriga así como medidas de reforzo informativo, achega de recursos lingüísticos, etc.

Capítulo I.-O uso oficial do idioma galego

Artigo 1

-O galego, como lingua propia e oficial de Galicia, é idioma oficial do Concello de Ares.

2.-O Concello de Ares empregará o galego en todas as súas accións, nas súas actuacións administrativas, na documentación, na comunicación social, e nas relacións coa cidadanía e con todas as entidades situadas en Galicia e con aquelas outras que admitan o galego para as actuacións administrativas.

Capítulo II.- Ámbito de aplicación

Artigo 2

1.- O Concello de Ares rexeráse polos criterios establecidos nesta ordenanza.

2.-Tamén se rexerán polos criterios desta ordenanza as empresas adxudicatarias, concesionarias ou contratadas cando actúen en función desa adxudicación, concesión ou contrato, así como as de explotación mixta, o cal se fará explicitamente constar nos documentos correspondentes (concursos públicos, pregos de cláusulas, contratos, etc.).

Capítulo III.-Atención ao público

Artigo 3

1.-Todos os servizos de todas as unidades administrativas que teñan relación co público fomentarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación de entrada, tanto oral como escrita, practicando a oferta positiva en lingua galega.

2.-A atención ao público mediante mecanismos automáticos, tales como contestadores de teléfonos ou outros medios telefónicos ou informáticos, usarán





por defecto e de entrada o galego, e así se especificará cando sexan comprados, contratados e/ou programados.

3.-O disposto no presente artigo tamén é de aplicación para as empresas ou entidades que presten servizos municipais por concesión, arrendamento, concerto ou contrato.

Capítulo IV.-Documentación e actuación administrativa

Artigo 4

1.-Como criterio xeral, todas as actuacións do Concello faranse en idioma galego. Isto sen prexuízo de que, cando legalmente sexa requisito, ademais de en galego tamén se fagan noutra(s) lingua(s).

2.-Será redactada en lingua galega cando menos a seguinte documentación administrativa:

As convocatorias de sesións de todos os órganos do Concello, así como as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, rogos, preguntas e as actas dos citados órganos municipais.

As resolucións de todos os órganos municipais.

Toda a documentación xerada polo Concello que forme parte dos expedientes administrativos que teñan que someterse á decisión ou coñecemento dos devanditos órganos.

As actas e acordos de todos os órganos dos consellos e entidades con personalidade xurídica dependente deste Concello.

As notificacións, recursos, escrituras públicas e, en xeral, todos os actos de carácter público ou administrativos que se realicen por escrito en nome do Concello.

3.-Todos os modelos de documentación da Administración municipal de Ares serán elaborados e difundidos en galego e, verbo disto, nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa deberase ter presente o establecido neste artigo, sen que isto signifique que nalgúns casos específicos non se poida





incorporar tamén a outra lingua oficial para cando unha persoa expresamente a poida requirir.

Artigo 5

1.- Sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 9/1983, di 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

Artigo 6

1.-Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia ou en calquera medio de comunicación serán redactados e publicados en galego. Cando legalmente sexa requisito, tamén se poderán redactar noutra(s) lingua(s) ademais de en galego ou achegar unha tradución do orixinal en lingua galega.

2.-As publicacións editadas polo Concello, teñan ou non carácter periódico xa sexan en papel ou dixitais, realizaranse en lingua galega.

3.-As publicacións editadas por outras entidades, nas que colabore o Concello e que teñan difusión en Galicia, realizaranse en lingua galega. Para lle dar cumprimento a isto, de os haber, nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc., farase referencia a este requisito.

Artigo 7

1.-As campañas publicitarias do concello e de promoción de todas as actividades organizadas faranse, sexa no soporte que sexa, en galego.

2.- Na contratación de publicidade

3.-Na contratación de publicidade, o concello terá en conta os medios de comunicación en distintos soportes que usan o galego.

3.-As campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.) doutras entidades nas que dalgún xeito colabore o Concello faranse en todos os soportes en galego.





4.-Para lle dar cumprimento a isto, cando os haxa, nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc., farase referencia a este requisito.

5.-A publicidade que se difunda en instalación e mecanismos propiedade do Concello deberá estar en galego.

6.-Todo o anterior, sen prexuízo de que tamén se poidan facer noutras linguas cando sexan accións publicitarias ou de difusión dirixidas a comunidades lingüísticas fóra da galega.

Artigo 8

1.-As accións formativas organizadas polo Concello desenvolveranse, en xeral, en lingua galega.

2.-A formación puntual e actividade xeral ofertada regularmente polo Concello nos seus distintos centros desenvolverase utilizando normalmente o galego como lingua de comunicación. O establecido neste punto terase en conta e farase referencia ao seu contido en casos como:

- Na contratación de persoal para os distintos centros.
- Na organización de actividades nos distintos centros.
- Nas contratacións de empresas.
- Nos regulamentos dos distintos centros, de os haber.

Artigo 9

1.-Os cargos públicos do Concello procurarán expresarse en galego nos actos que teñan lugar no ámbito lingüístico galego, e nos que interveñan en virtude do seu cargo.

2.-Todas aquelas actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizadas polo Concello, desenvolveranse, en xeral, en lingua galega.

3.-Para que o Concello colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizadas por outras entidades, será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega. Este requisito transmitiráselle á entidade ou entidades organizadoras e explicitarase nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc.

Capítulo VII.-Sinalización e rotulación

Artigo 11





1.-Os rótulos, indicadores, sinalizacións da Casa do Concello e dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal estarán en galego.

2.-Cando a normativa ou o interese xeral o requira, as sinalizacións viarias tamén poderán incorporar outra(s) lingua(s).

3.-Todos os vehículos do parque móbil municipal, o vestiario do persoal e material semellante, cando o houber, dos organismos autónomos, empresas municipais, policía, etc., levarán a súa rotulación en galego.

Capítulo VIII.-Relacións con outras administracións

Artigo 12

1.-As comunicacións do Concello dirixidas a calquera das administracións públicas sitas no territorio galego redactaranse en lingua galega.

2.-As comunicacións do Concello dirixidas á Administración civil ou militar do Estado e á xustiza dentro do ámbito lingüístico galego redactaranse en lingua galega.

Artigo 13

1.-Con respecto aos documentos dirixidos directamente a persoas xurídicas, diferentes de calquera das administracións, o Concello de Ares aterase ao previsto nas disposicións vixentes, aínda que se redactarán en galego sempre que sexa posible.

Capítulo IX.-Relacións coas empresas privadas

Artigo 14

1.-Os documentos públicos ou contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego. Se a súa finalidade o esixe, poderá facerse tamén en outra(s) lingua(s).

2.-O concello poderá requirir que os estudos, proxectos, informes, documentos e traballos análogos que se encarguen a terceiros sexan elaborados en galego. Este requirimento será recollido nas convocatorias, pregos ou solicitudes de tales traballos.

3.-O concello propondrá e animará ás empresas contratantes e provedoras a que usen o galego na súa documentación e comunicación e explicitaralles que deben facer uso do galego nos bens e nos servizos que sexan obxecto de contrato co concello, e así se fará constar nos correspondentes pregos de condicións.

Capítulo X.-Persoal ao servizo da administración

Artigo 15





1.-A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación o coñeza suficientemente e estea en condicións de empregalo correctamente, tanto oralmente como por escrito, no desenvolvemento do seu traballo.

2.-Para acadar este obxectivo establécense as seguintes regras xerais:

Nos procedementos de selección de persoal incluírase unha proba de capacitación para o desenvolvemento en galego do traballo que o persoal vai realizar habitualmente no Concello. Esta proba será adecuada ao nivel e contido das prazas convocadas e, de acordo coas funcións do posto, poderá ser oral e/ou escrita.

Nos procesos selectivos que inclúan probas ou preguntas sobre lexislación, incluírase entre ela tamén a lexislación lingüística, como a Lei de normalización lingüística ou a Lei do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

Nos procedementos de provisión de postos de traballo, a acreditación do coñecemento da lingua galega terá, ademais, consideración de mérito puntuable, sempre que haxa concurso, para o que en cada convocatoria se fará un baremo axeitado ao posto para puntuar acreditacións Celga e/ou títulos oficiais de linguaxes específicas, como administrativa ou xurídica.

As probas selectivas para a provisión de prazas de funcionariado e persoal laboral ao servizo do Concello faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente con antelación ao desenvolvemento da proba.

Artigo 16

A formación profesional en todos os ámbitos de todo o persoal do Concello farase en lingua galega, sempre que a programación e organización dependa do Concello. De non depender directamente del, o Concello de Ares demandará que se faga en galego.

Capítulo XI.-Toponimia e nomes de rúas, emprazamentos ou edificios

Artigo 17

1.-Segundo se dispón no artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do termo municipal do Concello de Ares é a galega, igual que a dos demais topónimos de Galicia.

2.-O Concello promoverá a recuperación, historia, orixe, coñecemento e uso da toponimia do territorio municipal, e preservará as formas tradicionais dos lugares como parte integrante da memoria colectiva do patrimonio cultural.





3.- O Concello demandaralle a todas a entidades beneficiarias de calquera tipo de subvención, axuda, colaboración ou contrato por parte do Concello o uso correcto da toponimia.

1. Para darlles nome ás rúas, prazas, edificios, etc... de titularidade pública en Ares teranse en conta os criterios establecidos na declaración asinada pola Comisión de Toponimia en 2002, na que se sinala:

- a) Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas, ha de preferirse sempre en topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.
- b) No caso de realidades xeográficas de nova creación realizaranse un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial das novas realidades.
- c) Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superan en número as novas realidades xeográficas creadas, de preferencia han de preservarse os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.
- d) So se empregará o recurso a imposición de “topónimos honoríficos” (nomes de persoas ou institucións, de conceptos abstractos, de cidades ou países, etc) en casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional.

2. En caso de ter que optar por un topónimo honorífico ou conmemorativo, teranse en conta as directrices aprobadas pola ONU en 2004, nas que se sinala que:

a) Para propoñer un topónimo só se considerarán persoas postumamente; antes de que a proposta dun topónimo conmemorativo se considere deben ter pasado un mínimo de cinco anos da morte da persoa. Para acontecementos, polo menos deben ter pasado vinte e cinco anos do devandito acontecemento.

b) Para propoñer un topónimo conmemorativo só se Terán en consideración persoas cunha forte asociación co lugar ou o elemento xeográfico, ou que teñan destacada significación no legado cultural ou no desenvolvemento da zona, da comarca ou da nación.

c) O topónimo proposto deberá ser apoiado pola comunidade local e ir máis aló dun simple ou especial interese dun grupo.

d) Un topónimo non se debe usar para conmemorar vítimas ou sinalar lugares de accidentes ou traxedias.

e) Un topónimo conmemorativo non se debe considerar se xa existe para o lugar un nome arraigado e aceptado.

f) A propiedade da terra non confire a lexitimidade ou dereito de aplicarlle un topónimo conmemorativo a un elemento xeográfico. O uso non oficial de topónimos conmemorativos en publicacións ou en dedicatorias ou indicadores non é garantía de que estes sexan adoptados en documentos toponímicos oficiais.

Capítulo XII.–Impulso institucional do idioma galego





Artigo 19

De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, o Concello fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

2.-O Concello de Ares poderá poñer en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais do municipio para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentarse o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, na onomástica, no deporte, nas novas tecnoloxías, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade, no ámbito relixioso, no turismo, na integración social, na música, no asociacionismo, etc.

3.-Para a concesión de subvencións e axudas municipais (de promoción económica, servizos sociais, culturais, xuvenís, deportivas, para festas, para actividades formativas e de calquera outro tipo) valorarase como criterio que se terá en conta que as actividades realizadas contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, as publicacións, a cartalaría, a publicidade e toda produción de todas as actividades das entidades que vaian estar subvencionadas polo Concello de Ares deberán estar en lingua galega. En todas as convocatorias de subvencións figurará expresamente este requisito.

4.-O Concello poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e, segundo sinala o artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, para fomentar dentro do seu ámbito a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras, por actos singulares, poderá outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.

Capítulo XIII.-Calidade lingüística e linguaxe democrática e inclusiva

Artigo 20

1.-Debido a que a calidade lingüística de todos os textos públicos do concello transmite a imaxe da propia administración municipal e a que os textos emitidos desde a administración pública adoitan ser interpretados como modelos de lingua, en todos os textos, documentos e comunicacións do Concello coidarase especialmente a calidade e corrección lingüística.

2.-En todos os textos serán aplicados os criterios da linguaxe administrativa galega moderna, procurando sempre a súa máxima calidade, democratización, personalización, claridade dos contidos (modernización das formas, concisión e precisión, sinxeleza e ordenación) e uniformidade.





3.-En toda comunicación e documentación municipal usarase unha linguaxe inclusiva, utilizando as fórmulas non sexistas axeitadas que inclúan os dous xéneros cando os textos e comunicacións se dirixan tanto a mulleres como a homes, evitando así fórmulas sexistas, ocultación dun dos xéneros e posibles ambigüidades.

4.-O Concello de Ares velará para que nos textos e comunicacións das acción doutras entidades nas que colabore, participe ou apoie, se sigan estes mesmos criterios de calidade lingüística e linguaxe moderna, democrática e inclusiva.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A ordenanza dispón a súa entrada en vigor unha vez publicado o seu texto completo no Boletín oficial da Provincia, e transcorrido o prazo previsto ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Dáse conta do informe de secretaría de data 10 de xaneiro de 2022 “Aprobación Ordenanza de uso social da lingua galega do Concello de Ares”

Asunto: Aprobación Ordenanza de uso social da lingua galega do Concello de Ares.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Constitución española de 1978.

Estatuto de Autonomía de Galicia aprobado pola Lei Orgánica 1/19891, de 6 de abril.

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 3/1983, de normalización lingüística.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común da administración públicas.
- Lei 5/1988, do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais

CONSIDERACIÓNS SUBSTANTIVAS

Examinada a Ordenanza, estimase axeitada á normativa citada coas seguintes consideracións que se extraen da **Sentenza do Tribunal Supremo** -Sa do Contencioso-Administrativo, Sección 5-- de **19 de febreiro de 2019 (Rec. 1244/2016)**:

- T.S. considera na regulación da rotulación indicativa de __ edificios e despachos municipais que precisamente polo carácter informativo da rotulación debe estar tamén escrita en castelán.
- Non se pode esixir a contratistas e provedores de utilizar o galego para relacionarse co Consistorio e na rotulación dos seus bens e servizos.
- Recoñécese o dereito dos cidadáns a recibir a documentación dos expedientes en castelán sen ter que pedilos formalmente, e aqueles que produzan efecto fora de





Galicia deberán enviarse en castelan sen necesidade de facer constar que son una tradución en galego.

- Os funcionarios non estarán obrigados a relacionarse sempre en galego cos cidadáns e os cargos electos poderán usar o castelán nas súas intervencións públicas.
- Non se pode esixir que as actividades deportivas, culturais ou xuvenís utilicen obrigatoriamente o galego para poder percibir subvencións municipais.

Ares a 10 de xaneiro de 2022

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que neste punto temos a “**Ordenanza de uso social da lingua galega do Concello de Ares**” dita ordenanza xa foi informada na comisión correspondente e a traemos hoxe para a súa aprobación.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención.

Non hai intervencións polo tanto somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación da “**Ordenanza de uso social da lingua galega do Concello de Ares**”, o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 do BNG) acorda prestar a su aprobación.

Primeiro.- Aprobar con carácter inicial a **Ordenanza de Uso social da lingua galega do Concello de Ares**.

Segundo.- De conformidade co art. 49 da lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local o procedemento someterase a información pública por un prazo de 30 días a efectos de reclamacións ou subsanacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten reclamacións ou suxerencias, a presente aprobación inicial entenderáse definitivamente aprobado o devandito acordo ata o entón acordo provisional.

Punto núm. 6.- Proposta de modificación do regulamento de subministración e abastecemento de auga potable.

Dáse conta da “Proposta de modificación do regulamento de subministración e abastecemento de auga potable” que a continuación se transcribe:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA VIXENTE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLÚIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓN ANÁLOGAS NO CONCELLO DE ARES (BOP nº 296 do 28.12.1998)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





O goberno central publicou o pasado 24 de febreiro de 2020 a *Orde ICT/155/2020, de 1 de febreiro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado de determinados instrumentos de medida na que, entre outras, establece un período máximo de vida útil, de acordo ao establecido no artigo 8.3 da Lei 32/2014, de 22 de decembro, para aqueles instrumentos nos que o custo asociado ao control metrolóxico de instrumentos en servizo sexan similares ou superiores ao custo de reposición do instrumento.*

A vida útil para os contadores de auga ven recollida no Anexo III Apartado 4.

Vida útil.

-. De conformidade co establecido no artigo 8.3 da Lei 32/2014, de 22 de decembro, desenvolvido polo artigo 16.2 do Real Decreto 244/2016, de 3 de xuño, a vida útil dos contadores de auga limpa e dos contadores de auga para outros usos será de 12 anos

Estes contadores non estarán suxeitos a verificación periódica.

Prohíbese a reparación ou modificación destes contadores

En cantos aos prazos para facer efectiva esta obriga estarase ao disposto na Disposición transitoria primeira que indica :

Disposición transitoria primeira. Vida útil, substitución de instrumentos en servizos.

1 Aqueles instrumentos de medida nos que no seu anexo defínase un período de vida útil, e que estando en servizo á entrada en vigor desta orde superasen o dito período ou vaian a supéralo nos cinco anos seguintes, deberán substituírse nun prazo máximo de cinco anos dende a entrada en vigor desta orde .

A maior parte dos elementos do parque de contadores do subministro de auga aresán xa cumpríu ou está próximo a facelo o prazo de vida útil regulado na normativa estatal . O goberno local, atendendo a esta circunstancia, avoga por unha substitución en bloque e a cargo do servizo de augas municipal. Esta opción favorecería a unificación de modelos de contadores en toda a rede municipal ademais da comodidade para a veciñanza ao pasar a ter un equipo alugado cuxo mantemento recaerá no propietario, neste caso o propio Concello de Ares .

Tendo en conta esta obriga faise necesario modificar a ordenanza fiscal REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLÚIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS NO CONCELLO DE ARES para incorporar por unha banda o prezo da substitución e subministración do contador por remate da súa vida útil no caso de elixir a opción de alugueiro, e por outra banda o prezo do alugueiro e mantemento trimestral de optar por esta vía.

Outra das cuestións de feito que se pretenden recoller na ordenanza reguladora a través desta modificación é o establecemento dunha medida disuasoria para que as persoas promotoras da construción de vivendas non utilicen o subministro de auga de obra de xeito permanente. O





desfrute dun subministro ordinario de auga potable da rede municipal de abastecemento favorece ás veces unha dilación no cumprimento das obrigas urbanísticas, toda vez que ata que se obteña a licenza de primeira ocupación non é posible acceder a un contrato ordinario abastecemento de auga de obra a un de contrato ordinario .

Por último actualízanse a prezos de mercado os importes das demolicións e reposicións das acometidas de auga e saneamento, que mantíñan uns importes totalmente desactualizados.

Por todo o exposto:

Modifícase o artigo 5 parágrafo segundo incorporando ao seu final esa aliña:

* As subministracións de auga de obra terán un custe polo m3 de consumo e de cota de servizo seguintes :

Consumo de ata 30 m3/trimestre: 0,42 €/m3+IVE

Consumo de 31 ata 40 m3/trim. : 0,82 €/m3+IVE.

Consumo de 41 ata 50 m3/trím. : 0,89 €/m3+IVE.

Consumo de 51 ata 100 m3/trim. : 0,96 €/m3+IVE.

Consumo de 101 ata300 m3/trím.: 1,02 €/m3+IVE.

Consumo de 301 ata 600 m3/trim.: 1,08 €/m3+IVE.

Consumo de 601 ata 900 m3/trim.: 1,14 €/m3+IVE.

Consumos de máis de 900 m3/trím. : 1,20 €/m3+IVE.

Consumo mínimo de 10 m3/trim.: 0,408 €+IVE.

Cota de servizo:

12,52 €/trim. + IVE. Empadroados.

15,04 €/trim. + IVE. Non empadroados.

de 13 a 20 mm : 1 €/trimestre

de máis de 20 mm : 2 € / trimestre

Suprímense os puntos 16.17 e 18 do artigo 5 quedando só un punto como segue:

Cota por alugueiro e mantemento de contador tras a súa primeira instalación (este mantemento implica que as substitucións posteriores tras o remate da vida útil do equipo así como as reparación ou avarías do mesmo sexan asumidas polo servizo de augas municipal).

Dem. e Repo. de acometida de abastecemento en asfalto, aglomerado, formigón ou beirarrúa.

Metro/lineal: 75 €.





Suprímense os puntos 22. 23 e 24 do artigo 5 quedando só un punto como segue:

Dem. y Repo. de acometida de saneamento en asfalto. Aglomerado, formigón ou beirarrúa.

Metro/lineal: 80

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que hai unha lei autonómica promovida por Augas de Galicia que obriga a cambiar os contadores cada doce anos, non permite que haxa contadores operativos de máis de doce anos, a vida útil estimase en doce anos e en Ares afectarían a setecentos veciños/as que terían que cambiar o contador, comprar un contador, contratar un fontaneiro e facer o cambio. Precisamente por esta razón imos a facilitarlle a estes setecentos veciños/as a metade de este ano e a metade o ano que ven, a posibilidade de cambiar o contador por 48€, serían 48€ a pagar en 12 anos, eses 48€ o pagarían durante 12 anos polo tanto, poderían cambiar de contador sen ter que mercalo e sen ter que contratar a un fontaneiro, que chamar a un fontaneiro e como pedir unha cita no SERGAS, con esta posibilidade nós nos facemos cargo pero non hai cartos, temos que anticipalo porque os 48€ se lle cobran aos veciños/as en 12 anos, en consecuencia este ano iría a metade e para a seguinte a outra metade.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández en canto o importe eses 48€ e o que se paga en 12 anos, e o mantemento do servizo vaise a cobrar ou vai implícito a iso.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que vai implícito, si colles 12 anos por 12 meses, serían 144 meses dividido entre 3 que é un trimestre sae a 1€ o trimestre e por 48€ evitamos que merquen un contador e contratar a un fontaneiro, pero nós temos que adiantar os cartos por iso só temos para a metade este ano e a metade o ano que ven porque temos obra no Porto, aportación ao convenio de Augas de Galicia que son case setecentos mil euros, este ano é complicado agora, estamos convencidos de que ao veciño/a lle sae mais barato, porque xa so o fontaneiro lle cobraba 48€ como mínimo e logo mercar o contador, é unha fórmula que atopamos para facilitarlle a vida aos veciños/as non atopamos outra forma, outra forma sería enviar unha notificación e dar un prazo para que fagan o cambio pero cantos anos hai , eu creo que con esta opción aos veciños lles sae mellor porque cantos fontaneiros hai en Ares, dispoñibles poucos, o que queira pode optar por esta opción e o que non pode vir aquí e dicir que o seu xenro en fontaneiro e o cambia el, isto é opcional.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero preguntando porque 700 contadores, porque imaxino que hai bastantes mais.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que a o mellor uns son de 10 anos, de 11 ou de 9 pero non lles toca, os que pasan de 12 anos son 700, pero de 11 anos hai un montón ao mellor temos que facer isto varios anos, pero de momento temos que cambiar estes contadores que son os que pasan de 12 anos, algúns teñen vinte e pico e ademais hai moitos contadores que non funcionan.ç





O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención.

Non hai.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación da "**Proposta de modificación do regulamento de subministración e abastecemento** de auga potable", o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 do BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Primeiro.- Aprobar con carácter inicial a **Proposta de modificación do regulamento de subministración e abastecemento de auga potable**.

Segundo.- De conformidade co art. 49 da lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local o procedemento someterase a información pública por un prazo de 30 días a efectos de reclamación ou subsanacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten reclamacións ou suxerencias, a presente aprobación inicial entenderáse definitivamente aprobado o devandito acordo ata o entón acordo provisional.

Punto núm. 7.- Dar conta das resolución adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm 8.- Mocións-Proposta

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG para expoñer a urxencia da moción.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que pensamos que todos temos claro o que é urxente porque é unha tomadura de pelo a situación na que estamos todos os usuarios, porque ademais non soamente son os usuarios senón os familiares, os nosos familiares aínda que nós particularmente non o sexamos. Neste tema nos están tomando o pelo demasiado tempo, hoxe volven a aprobar polo visto un novo horario que tampouco van a cumprir supostamente visto o visto, a min paréceme gravísimo porque nós visualizamos sempre o problema do transporte escolar, que os nenos quédanse tirados, que chegan tarde o que molesta aos





traballadores e que teñen que usar o transporte público para chegar a o traballo, pero temos que ter moi claro que para os nenos/as ó transporte escolar e o transporte dos traballadores/as é verdade que é imprescindible pero temos que ter presente que pago eu e pagamos todos/as, é un servizo público, e si é un servizo público ten que beneficiarse directa ou indirectamente a todos/as entón vemos que unha licitación que ten dúas partes, a primeira os cartos e por outro lado un contrato que asinan que claramente vai a baixa, que debería ser baixa temeraria e mentres tanto os usuarios/as que facemos, imos en taxi, imos a pé, e que non podemos permitir que neste país que xa non hai nin tren para acceder a outras vilas, resulta que agora tampouco temos un autobús eu penso que é fundamental, é un servizo básico exactamente igual que a sanidade e deberíamos esixir que se manteñan os servizos que había antigamente, digo antigamente perdón con anterioridade, xa me entendestes. Eu penso que é primordial manter como mínimo os servizos anteriores, e non só polos nenos, é que temos dereito porque o estamos pagando entre todos e eu non son responsable de que unha empresa vaia a baixa temerariamente e volvo a repetir, se non o usamos regularmente cada un de nos, algún familiar si, e é un servizo público, é algo que temos que ter sempre moi claro e pasamos por alto a sensación que da de que é unha historia para facer un monopolio, o pasamos por alto, porque éo que é urxente é que os veciños/as teñan un medio de transporte e logo se nos enche a boca para falar de sostenibilidade e de que non podemos contaminar con tanto coche, que non hai sitio para aparcas tanto coche, pois fácil non o poñemos, ou non o poñen.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que quere que se me de unha explicación porque dixeches que se ía a tomar un acordo na mancomunidade, en que situación está na actualidade. En canto a moción en base ao pasado fai unhas semanas creo que se podía votar sen ningún problema, si a situación non cambiou nós ímola a apoiar eu quero que o Alcalde informe sobre si se tomou algunha decisión, si se falou co director xeral de mobilidade e se a mancomunidade tomou algunha decisión respecto a este tema.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que en canto a mancomunidade o Alcalde de Mugardos solicitou unha reunión e foi respaldada por todos os Alcaldes pero o Alcalde de Ferrol non a convocou.





Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando si a situación é a mesma a día de hoxe.

Responde o Sr. Alcalde manifestado que houbo unha reunión pola nosa conta os Alcaldes non da mancomunidade senón dun radio máis amplo Miño, Monfero, A Capela, Neda, Narón, Pontedeume e Ares, está reunión fíxose ao marxe da mancomunidade porque efectivamente o Alcalde de Ferrol non a convocou é unha situación que nunca pasou, sempre que se pediu unha reunión foi convocada, o Alcalde de Mugaros solicita a reunión e o Alcalde de Mugaros non a convocou polo tanto, visto que a reunión solicitada polo Alcalde de Mugaros non foi convocada tivemos unha reunión ao marxe da mancomunidade, fixemos un comunicado e solicitamos unha entrevista ca Directora Xeral de Mobilidade envíamos e tramitamos todas as queixas e tamén enviamos as queixas dos veciños ao Valedor do Pobo e tivemos contacto coa empresa, o punto no que estamos agora é que temos un compromiso de que se vai a arranxar pero eu dubido porque levamos un ano con isto, verbalmente se nos dixo que deramos de prazo ata o 31 de xaneiro e en consecuencia é do que estamos dalgunha maneira esperando din que van a reorganizar os horarios e que as demandas intentaran ser atendidas polo tanto, imos a ver hoxe en que consistiron eses cambios e a partir de aí tomaremos medidas, eu non convoquei a xunta de voceiros porque estabamos pendentes de esa reunión da mancomunidade, a mancomunidade foi interlocutora durante todo este tempo coa Dirección Xeral de Mobilidade, sorprendentemente non se convocou imaxino que sería máis importante FITUR porque outra explicación non atopo, é un impresentable, un Alcalde un compañeiro aínda que sexa doutro partido se lle pide unha reunión e non a convoca é un impresentable polo tanto, o Alcalde de Ferrol aquí comportouse como un impresentable, non sei porque non a convocou, eu teño entendido que andou de xira por FITUR, pero non contestarlle a un compañeiro aínda que sexa do PP non o entendo nin eu nin ninguén por iso reunímonos todo o marxe Narón, Neda, Monfero, Miño e envíamos un ultimato e nos pediron tempo ata xaneiro e ben, estivemos esperando un ano e dar un prazo ata xaneiro pareceunos prudente pero ben, todas as queixas están tramitadas tanto a Dirección Xeral de Mobilidade como a Consellería de Educación como o Valedor do Pobo. Como resultado da reunión fixemos unha nota de prensa, os contactos tamén xa se tiveron coa empresa acordamos un prazo ata o 31 de xaneiro e estamos esperando cal é a resposta e senón e satisfactoria convocar a xunta de voceiros, falar aquí e ir a reunión de Alcaldes e ir todos co mesmo mensaxe porque isto non pode ser, pero é unha situación moi complexa.





Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que unha vez escoitadas as explicacións do Sr. Alcalde non temos ningún problema en aprobar a moción pero condicionada a que se lle de traslado se unha vez rematado o prazo (que remata hoxe) non hai ningún cambio e non cumpren co compromiso senón é así pois haberá que facer unha xunta de voceiros e darlle traslado a moción tal e como esta, e si hai variacións tamén haberá que convocar unha xunta de voceiros para informar sobre o que pretende a Dirección Xeral de Mobilidade.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que quere facer unha aclaración, paréceme moi ben o que estamos a falar pero temen hai que ter en conta, cando hai un proceso novo sempre hai que ter en conta pois as novatadas por exemplo cando é unha empresa nova, cando a empresa ten que facer un esforzo adicional para manter as condicións dos seus traballadores pero aquí non hai ningunha xustificación para o que estiveron facendo ata agora, sabemos cal é a empresa, sabemos que non é nova que ten experiencia non soamente na zoa de Pontevedra porque xa foron ampliando os seus servizos, saben perfectamente con moita claridade como hai que traballar e as rutas que son mais ou menos beneficiosas economicamente, o que non poden e poñer como escusa que non teñen suficientemente claro as rutas que ían a dar cartos, Cando a empresa é nova hai moitas excusas pero neste caso non, é unha empresa realmente ben consolidada que o que pretende é consolidarse moito máis o que se ve dende fora e que parece que vai a un monopolio, ou non o vedes así, da a impresión de que aquí hai algo máis por detrás que non se pode denunciar porque non se sabe. Sempre que hai un proceso e unha empresa nova loxicamente sempre hai que darlle unha marxe para que se vaia consolidando, afianzando e que vaia controlando os seus gastos pero non é o caso, de verdade que non é o caso e que nin sequera manteñen aos seus empregados, e que nin sequera o fan para manter as condicións dos empregados, e que nin sequera para iso, entón que escusa dan a parte de que votamos mal as contas, si eu fago unha empresa nova pois podó dicir que se votei mal as contas pero a MONBUS non se lle pode consentir que diga votei mal as contas.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que esta é a situación, eu estou mirando agora e non sei si cambiou a situación ou non cambiou porque envían noventa páxinas e tes que ir tenteando os horarios pero ben, a situación non é normal, a empresa non pode ser interlocutora a empresa está contratada pola Xunta e a Xunta a que ten que ser a interlocutora a Dirección Xeral de Sostenibilidade delega na empresa e isto parece que é unha cousa entre os Alcaldes e a empresa, o servizo é da Xunta e si o contrato foi a baixa pois efectivamente a responsabilidade





é da Xunta, levamos un ano así e a liña a matan despois dun ano se a volven a poñer non vai a haber ninguén a xente xa se buscou a vida, son uns sinverguenzas quitan unha liña estamos un ano sen ela agora a poñen e din que a sacan porque non teñen usuarios pero xa o peor é que non respectan horarios, non respectan as paradas.

Interrompe a Sra. Brage Otero dicindo que lle votan a culpa aos condutores.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que hai algo diso tamén, hai un conflito laboral soterrado, hai despedimentos entón hai unha situación complicada.

Remata o Sr. Alcalde e somete a votación a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia da moción, o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 do BNG) acorda aprobar a urxencia.

O Sr. Alcalde pregunta a voceira do BNG si vai a facer algunha intervención para expoñer a moción.

Responde a Sra. Brage Otero sinalando que non, penso que quedou claro.

Dáse conta da moción presentada pola vía de urxencia do BNG do seguinte teor literal:

MOCIÓN DO BNG, QUE SE PRESENTA POLA VÍA DE URXENCIA AO PLENO DO CONCELLO DE ARES

Lonxe de resolver a problemática relacionada co transporte por estrada que afecta ao noso concello, as sucesivas “reorganizacións” levadas a cabo nas últimas semanas evidencian unha total incapacidade da Xunta e da empresa adjudicataria por atender as necesidades básicas da veciñanza de Ares; nomeadamente a de colectivos coma as traballadoras e estudantes.

Nos últimos días asistimos a unha cadea de despropósitos -cambios de horarios continuos, incumprimento de frecuencias, etc.- que xeran grandes prexuízos ás veciñas e veciños de Ares; e que desde o BNG entendemos deben ter unha resposta firme e unha posición activa por parte da institución municipal.

Nese sentido, desde o Grupo Municipal do BNG no concello de Ares propomos ao pleno do concello de Ares a adopción dos seguintes

A C O R D O S

1.- Reiterar a demanda da implantación dun transporte público para a veciñanza do noso concello que considere a accesibilidade universal e a inclusión coma un dereito básico.





2 - Demandar da Xunta de Galiza o restablecemento inmediato dos servizos e horarios que se ofertaban coa anterior concesionaria, tanto os que afectan ao conxunto da poboación coma os de colectivos específicos; nomeadamente aqueles que permitan a mobilidade dos núcleos do noso concello: Chanteiro, Cervás, Lubre e Caamouco.

- Solicitar da Xunta a modificación do contrato coa actual adxudicataria, co obxecto de adaptalo á actual demanda; pondo en marcha o aumento de frecuencias e servizos nos horarios de maior demanda, así como a dotación de medios humanos e recursos materiais precisos para atendelos.

- Que desde a Xunta de Portavoces Municipais se leve o seguimento das incidencias que se están a producir no servizo de transporte, así coma das xestións perante a Xunta de Galiza para resolver esta problemática e conseguirmos un transporte público de calidade e ao servizo das necesidades da veciñanza de Ares.

Asdo.-

Carmen Brage Otero

Miguel A. García Paz

Sometida a votación a moción do BNG “**Transporte Público de Calidade**” o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 do BNG) acorda aprobar a urxencia.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo un rogo en canto a situación na que se atopa o transporte público, tendo en conta que hoxe remata o prazo se a situación varía ou non rogaríamos que se convoque unha xunta de voceiros no momento en que teñas información xa que nos non temos nada, todo son queixas pero non temos información.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que esta de acordo.

Punto núm 9.- Rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG .

Intervén a Sra. Brage Otero facendo referencia a resolución 632/2021 porque non hai expediente, a factura e de 8430,68€ nº 4/2021 de 7 de decembro para a realización de cruce de abastecemento da Rúa María con Avda. Federico García Expósito pero non hai expediente e de 8430€ e logo a continuación, a seguinte factura a 2461 exactamente igual para a realización de cruce de abastecemento da Rúa Real con Avda. Federico García Expósito o importe di 7.1323,12€ e non sabemos se é 7132,312€ ou si son 71.323,12€, ten cinco díxitos antes da





coma quero pensar que apareceu un 3 demais antes da coma, quero pensar que é o máis lóxico que se colou un 3, é a resolución 632.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a Sra. Marcos García.

Intervén a Sra. Marcos García sinalando que cando se fixo a obra do auga en varias rúas despois de rematalas os técnico e os operarios do servizo municipal de auga recomendaron anillar a rede e para iso era necesario facer estes puntos entón ben, cos informes pedímoslle o orzamento a Gonzalez e Gonzalez e o outro orzamento se lle pediu a Permuy porque foi o que fixo a obra de abastecemento entón foron obras a maiores que surxiron a raíz doutras obras de abastecemento que xa se estaban facendo.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero preguntando cal é o importe.

Responde a Sra. Marcos García sinalando que son 7132,312€ iso se fixo para anillar a rede unha vez rematadas as obras de abastecemento o técnico e o operario do servizo municipal de auga que son os que levan estas obras recomendaron facer este anillados e pediuse orzamento a propia empresa que estaba facendo a obra.

Continúa a Sra. Brage Otero facendo referencia a resolución 639/21 hai que ter coidado cas fotocopias porque está dobrada e non se ve a esquina do documento.

A resolución 10/2022 GESICO, que era o que reclamaba.

Intervén a Sra. Barrón Ferro preguntando si é a 10.

Responde a Sra. Brage Otero manifestando que é a 10/2022 e a 24/2022 que é o que reclama GESICO e cal é o importe principal, porque ademais abonase a avogada para que represente ao concello e resulta que despois se paga, se chega a un acordo e se paga.

O Sr. Alcalde lle pregunta ao Sr. Secretario si sabe que era o que reclamaban.

Responde o Sr. Secretario sinalando que é unha empresa a que se lle pagou fóra de prazo e pediron intereses de mora 600€ foi a un contencioso comprobouse a demanda e é certo.





Intervén a Sra. Marcos García manifestando que non era GESICO a empresa era SERGONSA.

Responde o Sr. Secretario dicindo que non, GESICO é a que reclama a débeda, é a que compra a débeda.

Toma a palabra o Sr. Secretario dicindo que son os intereses dunha certificación que se pagou con atraso.

Remata a Sra. Brage Otero a súa intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a primeira pregunta é en relación aos bancos do paseo, si se podía mandar a alguén a limpalos porque están moi sucios.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dirixíndose ao concelleiro de obras sinalando que hai que darlles unha limpeza.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia aos bancos de pesca instalados recentemente no paseo, hai que sacalos de alí e poñelos ao marxe porque están incumprindo a lei de seguridade ten que ter 90 cm dende o banco ata onde acaba a varanda e teñen 50 cm quero dicir, que si cae un mozo alí imos a ter moito lío, eses bancos hai que cambialos para a parte de atrás, está incumprindo a normativa.

Interrompe a Sra. Marcos García sinalando que esta cuestión foi remitida ao director de obra pero aínda non contestou.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que hai que movelos para a parte de atrás e que os que vaian a pescar deixen alí as bolsas e que pesquen de pé.

En canto o pintado das rúas do Porto na Praia que está enfronte o Alfoli aí había moitas pedras de seixo, sinalar que en Ferrol en varias rúas na do Sol, na de arriba e en Canido estanse a facer as rúas de pedra de seixo pulida e queda moi bonito, eu creo que no Porto ía a quedar moi ben e que hai que fomentar este sistema porque as rúas quedan preciosas.





En relación a obra da estrada de Chanteiro habería que chamar a empresa para que revisen a sinalización de seguridade porque puxeron unha lona de plástico pero agora están coas cuneta é fácil que se vai un coche, a estrada está bastante perigosa, os que coñecemos a estrada aínda vas ben pero o que non coñece é complicado.

Intervén a Sra. Marcos García preguntando a que se refire.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que se refire a o plástico entalado nas beiras, pero iso é un perigo teñen que poñer outra cousa.

Por outro lado, chegou un escrito da Secretaria Xeral de Urbanismo en relación a Punta da Pena, a que se refire iso, eu o estiven lendo e parece que solicitan documentación e que non poden emitir o informe definitivo, que teñen que esperar ao informe da Dirección Xeral de Costas, isto está tramitado ou non.

Con respecto a resolución do Alcalde do programa “Liderazgo Público en emprendemento e innovación” eu pediría ao Sr. Secretario – Interventor que cando haxa un curso de formación, non polos cartos, pero se o Alcalde asistiu debería de vir o diploma no expediente.

En canto a resolución 628/2022 aprobar o pago autorizado a favor de MERCARTABRIA S.L.

Responde a Sra. Barrón Ferro sinalando que é da carreira popular de fin de ano, faise constar na parte de arriba do documento.

Intervén a Sra. Brage Otero dicindo que son as cestas da carreira popular.

Responde a Sra. Barrón Ferro dicindo que si, que son as cestas que se sortean.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando como está o tema da parcela da escola, xa se mandou a Xunta, si se puxo a disposición, se a Xunta xa ten plantexado o compromiso de contratar a obra.

Por último, preguntar polo punto limpo, o mes pasado no pleno e nunha comisión informativa díxose que quedara deserto, o Concello de Fene non o está a facer ben ou cal é o problema.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que o está a facer ben, quedou deserto como quedou deserta a piscina nunha primeira convocatoria, volveuse a convocar e esperemos que nesta ocasión se presente alguén.





Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando se non se pode ampliar o importe.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o importe xa se aumentou, na piscina pasou igual quedou deserta, ampliouse o importe e aquí pasou igual, quedou deserto e houbo que ampliar o importe.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que en relación a parcela da escola, xa se puxeron a disposición os terreos.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando se houbo unha resposta por parte da Xunta.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, nós puxemos os terreos a disposición, a obra está rematada pola nosa parte cumprimos co noso compromiso agora haber que escusa poñen.

Intervén a Sra. Otero Brage sinalando que será o orzamento.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o orzamento está aprobado.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que obra está feita, cambiamos o vial e aí o teñen, nós non imos a facer nada máis, aquí rematouse o conto, tiñan o terreo da pista que tiñamos un convenio ca Deputación para cambiar a pista de sitio e podían facer a ampliación na pista porque é suelo urbano, e a pista podía cambiarse para arriba, o suelo rústico admite instalación deportivas polo tanto, o puideron resolver dende o primeiro momento, cambiar a pista de sitio e facer a ampliación alí pero a dirección do centro non quixo por razón operativas, e paréceme moi ben, e esixiron o terreo de arriba, aprobouse o PXOM é urbano e aí o teñen e ademais cambiouse o vial, que escusa hai agora. Eu falei con concelleiro e me dixo que vai máis avanzado do que pensábamos pois non sei que información tes, non ves os escritos que din que está a posta en disposición dende fai tres meses ou catro xa non o recordo, foi o ano pasado polo tanto, o concello cumpriu puxo o terreo a disposición e educación é unha competencia da comunidade autónoma, non é unha competencia municipal, esperaremos un tempo prudencial e si vemos que non se fai nada pois teremos plantexarnos outras cousa.





Interrompe o Sr. Luis Cendán Fernández sinalando que xa se lle mandou a notificación por escrito.

Toma a palabra a Sra. Barrón Ferro dicindo que o escrito foi enviado en setembro do 2020.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que xa fai moito e aí esta, iso é unha competencia autonómica.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e corenta e oito minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

